

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

**15813** *Real decreto 1360/2011, do 7 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 1816/1991, do 20 de decembro, sobre transaccións económicas co exterior.*

O réxime de declaración das transaccións económicas co exterior vixente en España, que data de 1991, enfróntase a unha serie de cambios operativos nos sistemas de liquidación das operacións de pagamento que, unidos a unha marcada tendencia cara á revisión da regulación da Unión Europea e da maioría dos Estados membros, fan necesaria a súa reforma parcial.

En particular, o Regulamento 924/2009, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, relativo aos pagamentos transfronteirizos na comunidade e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 2560/2001, recolle no seu artigo 15.1 unha cláusula de revisión en virtude da cal, o 31 de outubro de 2011 como moi tarde, a Comisión presentará un informe sobre a conveniencia de «suprimir a obriga nacional de información sobre os pagamentos». Este informe poderá ir acompañado, se é o caso, dunha proposta lexislativa.

Nese mesmo sentido, a regulación aprobada durante os últimos anos na práctica totalidade de Estados membros preveu a supresión de tal obriga de información nacional sobre pagamentos, con fins estatísticos. Co obxecto de aliñar a regulación española na materia á vixente no noso contorno financeiro e de se anticipar coa máxima eficacia posible á moi probable reforma do Regulamento 924/2009, resulta preciso reformar a normativa de transaccións económicas co exterior e derrogar aquelas disposicións que manteñen a obriga das entidades de remitir información de cal non dispoñen de forma inmediata e automatizable e incorporar, polo contrario, a obriga de remitir aquela que é de disposición inmediata. Deste xeito, suprímese o deber das entidades rexistradas de exirirlles aos seus clientes os datos que completen a información das operacións en que interveñen, para remitila posteriormente ao Banco de España.

A reforma que se propón, non obstante, permitirá o mantemento da información de que se dispón na actualidade, de maneira compatible coas tendencias regulatorias antes reflectidas e a través de dúas fontes distintas: unha, a información automática subministrada polas entidades rexistradas e, outra, a obtida a partir dos datos que lle requira o Banco de España a quen realiza actos, negocios, transaccións e operacións co exterior, de conformidade coa obrigación establecida no artigo 3 da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 7 de outubro de 2011,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 1816/1991, do 20 de decembro, sobre transaccións económicas co exterior.*

O Real decreto 1816/1991, do 20 de decembro, sobre transaccións económicas co exterior, queda modificado como segue:

Un. O artigo 2 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para os efectos do disposto no artigo 2.3 da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, a residencia ou non residencia en España deberase acreditar na forma disposta neste artigo.

2. A condición de residente en España deberase acreditar da seguinte forma:

a) As persoas físicas de nacionalidade estranxeira, mediante a tarxeta ou o carné individual de autorización de residencia ou calquera outro documento público en que conste a concesión da autorización de residencia pola autoridade competente.

Nada obstará para a condición de residente da persoa física estranxeira, para os efectos da Lei 19/2003, e deste real decreto mentres dure a súa autorización de residencia, que teña ademais domicilio no estranxeiro. En tal caso, entenderase que ten a súa residencia principal en España, salvo que fixese devolución do carné ou tarxeta de autorización de residencia.

Alternativamente, as persoas físicas de nacionalidade estranxeira poderán acreditar a súa condición de residente mediante certificación de residencia fiscal expedida polas autoridades fiscais españolas.

b) Os establecementos e sucursais en territorio español de persoas xurídicas estranxeiras ou de persoas físicas residentes no estranxeiro, mediante calquera documento público en que consten os datos correspondentes á súa constitución, de acordo coa lexislación española, ou certificado de inscrición no Rexistro Mercantil.

c) As persoas físicas de nacionalidade española e as persoas xurídicas domiciliadas en España presumiranse residentes en España, salvo proba en contrario.

3. A condición de non residente deberase acreditar do seguinte xeito:

a) As persoas físicas españolas, mediante certificación da autoridade consular española expedida cunha antelación máxima de dous meses, que acredite a súa inscrición no Rexistro de Matrícula do consulado ou sección consular da embaixada correspondente.

b) As persoas físicas estranxeiras, mediante certificación negativa de residencia expedida pola autoridade competente con antelación máxima de dous meses.

c) Alternativamente, as persoas físicas españolas ou estranxeiras poderán acreditar a súa condición de non residentes mediante certificación expedida polas autoridades fiscais do país de residencia ou ben mediante unha declaración en que manifesten que son residentes fiscais noutro Estado e que non dispoñen de establecemento permanente en España, e asuman o compromiso de comunicar calquera alteración desas circunstancias.

d) As persoas xurídicas domiciliadas no estranxeiro, mediante documento fidedigno que acredite a súa natureza e domicilio.

e) As sucursais e establecementos no estranxeiro de persoas xurídicas españolas ou de persoas físicas residentes en España, mediante certificación do cónsul español correspondente de que están constituídos no país de que se trate.

f) Os diplomáticos estranxeiros acreditados en España e o persoal estranxeiro que preste servizos en embaixadas e consulados estranxeiros ou en organizacións internacionais en España, mediante tarxeta de identidade expedida polo Ministerio de Asuntos Exteriores.»

Dous. O artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«1. Os cobramentos e pagamentos entre residentes e non residentes, así como as transferencias ao ou do exterior, estean cifrados todos eles en euros ou en moeda estranxeira, deberanse efectuar a través dun provedor de servizos de pagamento inscrito nos rexistros oficiais do Banco de España (en diante, entidades rexistradas), coas excepcións sinaladas nos artigos 6 e 7 deste real decreto.

2. No caso dos cobramentos e pagamentos transfronteirizos ordenados ou recibidos por residentes en que interveña un provedor de servizos de pagamento doutro Estado membro da Unión Europea a que sexa de aplicación o Regulamento (CE) 924/2009, do 16 de setembro, relativo aos pagamentos transfronteirizos na Comunidade ou, nos casos de aboamentos e débedas en contas de clientes non residentes, as entidades rexistradas facilitarán, na forma e co alcance que

determine o ministro de Economía e Facenda, e dentro dos trinta días seguintes a cada mes natural, a información relativa aos cobramentos, pagamentos ou transferencias exteriores en que interveñan, para os efectos de seguimento administrativo, fiscal e estatístico das operacións. Só se solicitará información que se poida recompilar de maneira automática, sen incidir no tratamento directo automatizado dos pagamentos.

3. Nos restantes casos de cobramentos e pagamentos e transferencias previstos no número 1, as entidades rexistradas facilitarán, na forma e co alcance que determine o ministro de Economía e Facenda, e dentro dos trinta días seguintes a cada mes natural, información relativa aos cobramentos, pagamentos ou transferencias exteriores en que interveñan, para os efectos de seguimento administrativo, fiscal e estatístico das operacións.»

Tres. O artigo 6 queda redactado do seguinte xeito:

«É libre a apertura e o mantemento por residentes de contas denominadas en euros ou en divisas en oficinas operantes no estranxeiro tanto de entidades rexistradas como de entidades bancarias ou de crédito estranxeiras, así como os cobramentos e pagamentos entre residentes e non residentes mediante aboamentos ou débedas nas ditas contas.»

Catro. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«As entidades rexistradas, no caso de operacións, transaccións, actos o negocios con non residentes, así como nas variacións en contas ou posicións financeiras debedoras ou acreedoras fronte ao exterior, e as persoas físicas ou xurídicas residentes que realicen operacións das sinaladas no artigo 1 deste real decreto ou manteñan activos ou pasivos no exterior, quedan suxeitas á obriga de lles facilitar aos órganos competentes da Administración xeral do Estado e ao Banco de España, na forma que se estableza por orde da ministra de Economía e Facenda, os datos que se lles requiran para os fins de seguimento administrativo, fiscal e estatístico das operacións.»

Cinco. O artigo 11 queda redactado do seguinte xeito:

«1. As competencias en materia de movementos de capitais e transaccións económicas co exterior obxecto deste real decreto corresponden ao ministro de Economía e Facenda.

2. As citadas competencias serán exercidas polo Ministerio de Economía e Facenda a través da Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira e do Banco de España, de acordo co establecido neste artigo.

3. Corresponderalle á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira as competencias para:

a) Conceder as autorizacións, efectuar as verificacións ou establecer os controis sobre as transaccións exteriores ou os cobramentos, pagamentos ou transferencias co estranxeiro que, en virtude do exercicio dunha cláusula de salvagarda das previstas no artigo 3 deste real decreto, queden suxeitas a prohibición ou limitación.

b) Establecer o procedemento e a tramitación relativos ás operacións a que se refiren os artigos 4, 7 e 8 deste real decreto.

c) Exercer o control e a inspección das operacións efectuadas a través das entidades rexistradas.

d) Exercer as actuacións de inspección e investigación que resulten necesarias para previr e, de ser o caso, corrixir as actividades contrarias a este real decreto.

e) Resolver os expedientes administrativos sancionadores a que se refire o artigo 8 da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de

capitais e das transaccións económicas co exterior, dentro das atribucións que lle confire o artigo 12.2 d) desta mesma lei.

4. Corresponderanlle ao Banco de España as competencias para:

a) Conceder a bancos, caixas de aforros e outras entidades financeiras autorización para actuar no mercado de divisas, nos casos en que esa autorización se requira de conformidade coa lexislación vixente, así como autorizar as actividades de cambio de moeda estranxeira en establecementos abertos ao público de acordo coa súa normativa reguladora.

b) Ditar, no ámbito das competencias que lle confire a Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito, as instrucións relativas ao contido, procedemento e frecuencia das comunicacións a que se refire o artigo 5 deste real decreto.

c) Recibir, nos termos previstos neste real decreto, e segundo o procedemento establecido de acordo cos puntos 3 b) e 4 b) anteriores, as declaracións e información a que se refiren os números 2 e 3 do artigo 5.

d) Exercer o control e inspección das operacións efectuadas a través das entidades rexistradas.

e) Exercer as actuacións de inspección e investigación que resulten necesarias para prever e, de ser o caso, corrixir as actividades contrarias a este real decreto.»

Seis. O artigo 17 queda redactado do seguinte xeito:

«1. A liberalización dos pagamentos de residentes a non residentes e das transferencias ao exterior a que se refire o artigo 1 deste real decreto entenderase sen prexuízo do necesario cumprimento das obrigas fiscais que, se é o caso, correspondan ao acto, transacción ou negocio xurídico principal de que eses pagamentos ou transferencias deriven, de conformidade coas normas vixentes aplicables.

2. O incumprimento das obrigas establecidas nos números 2 e 3 do artigo 5 e no artigo 8 será constitutivo de infracción, conforme o disposto no artigo 8 da Lei 19/2003, do 4 de xullo, sobre réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior.»

**Disposición transitoria única.** *Réxime transitorio das obrigas de información e declaración sobre transaccións económicas co exterior.*

Calquera persoa física ou xurídica que, con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, estivese obrigada a facilitar información ou realizar declaracións sobre transaccións económicas co exterior, deberá seguir facilitando e declarando esa información conforme o sistema de declaración anterior ata o 31 de decembro de 2013, e iso sen prexuízo do cumprimento das obrigas de información establecidas conforme este real decreto e o Real decreto 664/1999, do 23 de abril, sobre investimentos exteriores, e a normativa que os desenvolven.

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 1 de xuño de 2012.

Dado en Madrid o 7 de outubro de 2011.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta do Goberno de Asuntos Económicos  
e ministra de Economía e Facenda,  
ELENA SALGADO MÉNDEZ